

## Obradoiros para o alumnado do Enreguéifate 2022-23

Os obradoiros Enreguéifate enmárcanse dentro do proxecto homónimo organizado polos concellos de Ames, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo, co que se procura impulsar a improvisación oral en verso e contribuír a través dela á promoción do uso da lingua galega.

### HABILIDADES

A regueifa fomenta a capacidade de articular un discurso improvisado e amplía as aptitudes retóricas. Posibilita un diálogo que saca á luz, dun xeito horizontal, as desigualdades e traballa habilidades como a escoita ou a atención e o respecto pola persoa interlocutora. Na mocidade, é unha potente ferramenta para desenvolver a autoconsciencia, a seguridade propia e a autoestima nunha etapa de conformación da identidade de cada persoa.

### METODOLOXÍA

Partimos dos coñecementos previos do alumnado para propiciar unha aprendizaxe significativa. A interacción é continua e empréganse técnicas de traballo en grupo e de colaboración mutua. Desde o fomento da liberdade discursiva e o diálogo, dáselle azos ao alumnado para que sexa quen de se expresar en público, creando un ambiente de confianza e horizontalidade. Traballamos, pois, partindo da autorregulación grupal, da motivación e do reforzo positivo.

ENRE  
GUEÍFATE



### DURACIÓN

A duración de cada obradoiro é de 90 minutos, polo que se desenvolverá en dúas sesións seguidas de 45 minutos cada unha (dúas clases).

### NÚMERO DE PARTICIPANTES

Grupos-aula dunhas 25 persoas, coa posibilidade de facerse agrupamentos maiores, a conveniencia do centro, sempre que non superen as 50 persoas.

### INSCRICIÓN

Antes do 15 de outubro no formulario que se atopa no seguinte código QR.



### ALGUNHA DÚBIDA?

Contacta co Departamento de Lingua do Concello de Santiago:  
dlg@santiagodecompostela  
<http://delingua.santiagodecompostela.gal>